

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE NOVEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:25 horas do día 6 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de novembro (orde do día ampliada o 3 de novembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste ao punto 1a)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste ao punto 1a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 5a, 6a, 8a, 9a, 11a e 11b)
D. Benjamín A. Collazo Rodríguez (asiste ao punto 15)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 27 de outubro de 2017

Apróbese a acta da sesión do 27 de outubro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en inglés 2018" (19.872-332)

Non se trata este asunto por non terse recibido as ofertas.

b) Procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a ALCOR SEGURIDAD, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

Non se trata este asunto por non terse recibido as ofertas.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposta técnica e económica*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO
ALCOR SEGURIDAD, S.L.	31.460,00 euros

O citado licitador presenta un só exemplar da documentación polo que se fai unha copia pola Secretaría da Mesa. O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Francisco José García Quirós, con DNI 44.049.590-J, en representación de ALCOR SEGURIDAD, S.L.

Tendo en conta que neste procedemento non hai proposta técnica e que a única materia obxecto de negociación é a redución do prezo (apartados 7 e 8 do Anexo I -FEC- do PCAP), a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda que se inicie a negociación co único licitador presentado e admitido segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 2 de novembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. NAROM, S.L

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 2 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 2 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2017, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC”):

1. GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.
2. LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	70 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEYCA GEOSYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.071,33 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEYCA GEOSYSTEMS, S.L., o día 20 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 2 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LEICA GEOSYSTEMS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LEICA GEOSYSTEMS, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 3 de outubro de 2017 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a LEICA GEOSYSTEMS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 39.930,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.930,00 euros.*
- b) *Propón un incremento do número mínimo de horas de formación de 10 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,46
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,87
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	94,14
4	HIDROMIÑO, S.L.	93,53
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,13
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,13
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,42
8	ORESA, S.L.	89,44
9	C. D. INDEPO, S.L.	88,50
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	86,57
11	COPCISA, S.A.	84,93
12	UTE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.- EXCAVACIONES DARIO, S.L.	84,45
13	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	78,65

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.143,11 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ORECO, S.A., o día 27 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 20 de outubro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440) por un prezo total de 524.981,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.112,46 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252):

- **Dar conta da constitución dun comité técnico multidisciplinar para a elaboración do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”**

Dáse conta da resolución ditada polo segundo tenente de alcalde e concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza o 18 de outubro de 2017 pola que se constitúe un comité técnico multidisciplinar para a elaboración do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

- **Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”**

Ponse en coñecemento dos membros da Mesa a solicitude de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” ata o 30 de novembro de 2017, formulada polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento o 30 de outubro de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:13	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA841-E5E34D-548FCC-RHTSBV-24JABX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		